FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

XUÍZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

EXPEDIENTE 05/22

DATA: 03 DE NOVEMBRO DE 2022. ASUNTO: ENVÍO RESOLUCÍÓN

DESTINATARIOS: Sra. Presidente do CLUB XADREZ AS BURGAS

Como Secretaria da Comisión Xestora da Federación Galega de Xadrez, remítolle a resolución dictada por este órgano federativo.

Asdo.: Raquel Calleja Modia
Secretaria da Comisión Xestora da Federación Galega de Xadrez.

FEDERACION GALEGA DE XADREZ
REXISTRO XERAL
ENTRADA n.º
SAIDA n.º 212.
DATA: 03/11/2022.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

RESOLUCIÓN:

ANTECEDENTES:

Primeiro: A Federación Galega de Xadrez, recibiu reclamación de Dª. María Julia Arcos Rodríguez o 04 de Xullo de 2022 e o depósito para tal fin o 26 de Outubro de 2022:

Reclamación

María Julia Arcos Rodriguez, con DNI 76709357X, en calidade de Presidenta do Club Xadrez As Burgas, CIF G-16739245,

Manifesta que presentei documentación en tempo e forma na convocatoria ordinaria para organizar a Copa Deputación de Ourense de Xadrez 2022. Solicitei además certificado de licenzas da provincia de Ourense a FEGAXA, así como, tal como o requiren as bases da convocatoria, a encomenda a Fegaxa para dita organización.

Solicito que dado que o Club Xadrez As Burgas é o único que presentou a proposta de organización na convocatoria 2022 e rematado o prazo de presentación de solicitudes, se lle outorgue dita encomenda para organización da Copa Deputacion de Ourense 2022.

Interpoño, polo tanto, reclamación ante a FEGAXA, porque non se lle da unha explicación razonable para non outorgarlle a encomenda a meu club, e dado que por outra parte, non hai ningún mais que a solicitou, dado además que hai 3 anos que non se celebra dita Copa en Ourense.

Ourense a 24 de xuño 2022

Presidente da Federación Galega de Xadrez

76709357X MARIA JULIA ARCOS (R: G16739245)

Firmado digitalmente por 76709357X MARIA JULIA ARCOS (R: G16739245) Fecha: 2022.07.04 12:59:41 +02'00'

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A cuestión de incidencia e, atendendo a solicitude do club reclamante, radica en:

Se a FEGAXA actuou correctamente ao non delegar a organización da Copa Diputación no Club Xadrez As Burgas

Según a documentación obrante na Federación Galega de Xadrez nos anos 2018 e 2019 delegou na Asociación Ourensana de Xadrez a organización do Torneo Copa Diputación de Xadrez desos anos.

Según informou a Federación Galega de Xadrez ao Xuíz Único de Competición, na última organización do evento recibiu diversas queixas telefónicas formuladas pola Deputación de Ourense contra a entidade organizadora pola súa mala xestión na organización e xustificación do evento no 2019.

Por elo a Federación Galega de Xadrez decidiu, ao non ser unha competición oficial pertencente ao calendario da FEGAXA ou da FEDA, non delegar a organización dese evento nin ningún outro que non fóra oficial, a unha entidade deportiva; xa que a "delegación" **conleva unha responsabilidade** sobre o Club organizador do evento, pero tamén sobre a Federación Galega de Xadrez que o avala.

Según informaron a este Xuíz Único, Dª. María Julia Arcos Rodríguez falou, vía telefónica, có, actualmente, Presidente da Comisión Xestora, D. Gaspar Pérez Carnero dándolle, éste último, todas as explicacións pertinentes para tal efecto. A Federación non intervén na organización dese evento polo descoñecemento do que se pretende organizar e por non figurar no calendario deportivo federativo oficial.

RESOLVE:

Desestimar a reclamación presentada por Dª. María Julia Arcos Rodríguez. Anque o Club Xadrez As Burgas fora o único club que presentou solicitude de organización da Copa Diputación 2022, a Federación Galega de Xadrez non ten obrigación de delegar a organización dun torneo que non é do calendario deportivo oficial.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

Envíese esta resolución ao club reclamante.

Pubrícase esta resolución na páxina web da Federación Galega de Xadrez, e comunícaselle ao club que contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o Comité de Apelación desta Federación Galega de Xadrez no prazo de 5 días, contados dende o día seguinte a recepción desta resolución.

En Vigo, 03 de Novembro de 2022.

Asdo.: Jose Javier Fandiño Núñez.